



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e outros pronunciamentos no proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de axudante fontaneiro, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello.

ANUNCIO

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DE PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN POR CONCURSO DUNHA PRAZA DE AXUDANTE DE FONTANEIRO

Por resolución de alcaldía de data 12/04/2023 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de axudante de fontaneiro, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización de emprego temporal de longa duración:

“EXPEDIENTE: 6810/2022

ASUNTO: RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AXUDANTE DE FONTANEIRO, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUIDO NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE BOIRO PARA A ESTABILIZACIÓN EXCEPCIONAL DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN.

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO: 42/2022

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 14/12/2022 aprobáronse, entre outros, as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de axudante de fontaneiro, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data de 19 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do concello www.boiro.gal.

Con data 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio de dita convocatoria no BOE, abrindo o prazo de presentación de solicitudes e rematado o 26/01/2023.

Por Resolución de data de 14/03/2023, o alcalde presidente do Concello de Boiro, aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo concedendo un prazo de dez días hábiles, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou omisión (publicada no BOP nº 54 de data 20/03/2023).

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de axudante de fontaneiro, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración, e dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Esta relación definitiva de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, na páxina web do concello www.boiro.gal

Relación definitiva de persoas admitidas:

NIF	Nome	CELGA 2
***8196**	ANGEL RODRIGUEZ ALENZA	Non exento/a

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras

superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Segundo.- Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:	Titular	Dalmiro Núñez Méndez
	Suplente	Berta Alonso Soto
VOGAIS	Titular 1	María Pardo Quintana
	Suplente 1	Carlos Piñeiro Sarmiento
	Titular 2	Manuela Sofía Abelenda Antelo
	Suplente 2	María López Docampo
	Titular 3	María Victoria Negrín Blanco
	Suplente 3	Severino Abalo Chouza
SECRETARIO/A	Titular	Lucía Artime Alonso
	Suplente	Francisco Javier Oubiña Lodeiro

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL: 25/04/2023 ás 13:30 h.

Terceiro.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que non teñan acreditado o coñecemento da lingua galega para o 25/04/2023 ás 13:30 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial para a realización da proba oral de coñecemento da lingua galega de conformidade coa base xeral quinta bis das que rexen este proceso selectivo.

Cuarto.- Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da súa publicación. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.”

Boiro, 12 de abril de 2023

O alcalde, José Ramón Romero García

2023/2789